

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA RETOMAR A GALA DO DEPORTE

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para retomar a Gala do Deporte

Exposición de motivos

A riqueza deportiva de base é de elite na nosa cidade e atópase en crecemento dende fai anos, atesorando numerosos éxitos en múltiples disciplinas a nivel nacional, tanto de xeito individual coma colectiva.

Dende fai máis de 20 anos, en Ferrol vense celebrando a Gala do Deporte, unha celebración na que se premia aos e ás mellores deportistas da nosa cidade, recoñecéndolles o seu esforzo, dedicación e méritos deportivos e visibilizando a súa traxectoria deportiva, sendo exemplo para moitos e moitas outras.

Esta Gala do Deporte é unha cita anual na que participan tanto pais e nais, coma clubs da cidade e por suposto deportistas e tería que se ter celebrado o pasado ano 2020, coa súa XXVII edición. Ben é certo, que as bases foron publicadas en febreiro dese ano, para a presentación de candidatos e candidatas e estaba prevista a súa celebración o 2 de abril,

pero a pandemia da Covid-19, paralizou a nosa vida e tamén a Gala do Deporte.

O problema é que a vida foise recuperando pero a Gala do Deporte non, quedando no esquecemento para o goberno local, que nunca máis se acordou de convocar esta cita que supón un imprescindible recoñecemento aos e ás deportistas locais.

Ferrol en Común considera que o Concello de Ferrol non se pode seguir esquecendo do tecido deportivo da nosa cidade. O ano pasado, mentres outros Concellos da contorna si poñían en valor aos seus deportistas e recuperaban a súa Gala, o goberno local non tivo ningún interese en recoñecer o traballo dos deportistas locais e este ano, polo momento, tampouco está sobre a mesa.

Ferrol en Común apoia e recoñece a labor dos deportistas ferroláns e entende a importancia da Gala do Deporte para o tecido deportivo da nosa cidade, por isto, a través desta moción sometemos a votación os seguintes acordos:

1. Instar ao goberno local á recuperación da Gala do Deporte, publicando inmediatamente as bases para proceder a súa celebración o antes posible. Así coma, incluír nesta vindeira convocatoria os recoñecementos aos deportistas correspondentes aos anos nos que non se celebrou a Gala do Deporte (2020 e 2021).

Ferrol, 24 de xaneiro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común